



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## CONVOCATORIA PROCESO DE ELECCIÓN XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE IRIXOA

**“1.- Obxecto da convocatoria:** Elección de Xuíz de paz substituto deste municipio.

**2.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes:** No Rexistro Xeral do Concello de Irixoa, Pazo de Irixoa número 6-A, 15313 Irixoa ( A Coruña ), en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOP

**3.- Requisitos dos aspirantes:** Poderán participar na selección as persoas que, aínda non sendo licenciados en dereito, reúnan os seguintes requisitos:

A) Ser español.

B) Ser maior de idade.

C) Non estar incurso en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do Poder xudicial. - Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial. - Os condenados por delito doloso mentres non obteñan a rehabilitación. - Os procesados ou inculcados por delito doloso, en tanto non sexan absolutos ou se dicte auto de sobresemento. - Os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

D) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do Poder xudicial.

**4.- Documentación a achegar coa solicitude:**

A) Fotocopia autenticada do Documento nacional de identidade.

B) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá, de non estar inculcado ou procesado.

C) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.

D) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer-lo cargo.

E) Xustificación de méritos (de alega-los o solicitante).

F) Na instancia especificarase se o candidato se presenta a Xuíz de paz titular ou substituto.

**5.- Retribución:** Unicamente terase dereito a percibir a compensación establecida pola Consellería de Presidencia, sen que o concello complemente a mesma.

**6 Elección e nomeamento:** As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

Os candidatos propostos polo concello serán nomeados Xuíz de paz substituto pola Sala de Goberno do Tribunal superior de xustiza de Galicia por un período de catro anos.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

*O que se fai público para xeral coñecemento.*

**En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;**